1.- DATOS IDENTIFICATIVOS.

DENOMINACIÓN:

Asociación para o Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños

CIF:

G-15801012

DOMICILIO:

A Camposa s/n. Buño

15111 Malpica de Bergantiños (A Coruña)

TELEFONO:

981 71 10 70

FAX:

981 70 73 99

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

adbergantinos@yahoo.es

AMBITO TERRITORIAL:

GDR 27

Concello de Cabana de Bergantiños.

Concello de Carballo.

Concello de Coristanco.

Concello de A Laracha.

Concello de Laxe.

Concello de Malpica de Bergantiños

Concello de Ponteceso.

2.- PERSONALIDADE XURÍDICA E COMPOSICIÓN.

2.1. Copia do acta constituínte.

2.2. Copia dos estatutos.

2.3. Copia das inscricións rexistrais.

2.4. Copia do DNI do representante e do CIF da entidade.

2.5. Relación de asociados.

2.6. Composición actual do órgano decisorio.

2.7. Relación de entidades ás que se lle denegou a súa integración.

2.8. Informe sobre o grao de participación social na elaboración do programa.

Inicio: Xuntanza da Directiva da Asociación do 31/10/2007 en Buño

A Asociación para o Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños, na súa Xunta Directiva do pasado 31 de outubro de 2007 decidiu concorrer á convocatoria do Leader 2007-2013. Para adoptar o devandito acordo celebrou unha xuntanza á que asistiron convidados os alcaldes-presidentes dos concellos de Cabana de Bergantiños e de Laxe, nesa data non incorporados na Asociación (na que os seus estatutos xa contemplaban a devandita posibilidade.

A xuntanza foi convocada polo Presidente da Asociación polos medios habituais (fax e correo) e telefonicamente foron convidados os alcaldes-presidentes dos Concellos de Cabana de Bergantiños e de Laxe. Asistiron 14 persoas. Acordouse concorrer ao Programa Leader 2007-2013 cando fose convocado, a través da Asociación, xunto cos concellos de Caba e de Laxe, garantindo así unha candidatura íntegra da comarca de Bergantiños.

As conclusións da xuntanza tiveron boa acollida na prensa local (La Voz de Galicia e Diario de Bergantiños) ao día seguinte, 1/11/07. Así mesmo provocou unha gran demanda de información por parte da cidadanía que foi satisfeita a través dos medios de comunicación, cunha entrevista publicada en La Voz de Galicia o 6/11/07. Así mesmo participouse nunha charla coloquio no Centro de Promoción Rural da EFA Fonteboa en Coristanco, á que asistiron unha trintena de mozos e mozas. A canle de televisión local BERTV tamén se fixo eco deste interese público polo programa Leader, e emite unha entrevista cos técnicos da entidade o 19/11/2007.

O 11 de xaneiro de 2008 a Asociación remitiu un escrito a AGADER onde manifestou o seu apoio á distribución territorial realizada no Mapa de Grupos de Desenvolvemento Rural para a aplicación do Programa Leader de Galiza 2007-2013 sometido a consulta pública. Así mesmo a Asociación promoveu o mesmo pronunciamento nos concellos de Cabana e de Laxe, e con data 8/02/2008 remitiu o acordo plenario da primeiro apoiando a distribución proposta e sometida a consulta. Entendía esta entidade que as achegas ao "Mapa de Grupos" tamén deberían ir en sentido positivo se así fora sentido, e obrou en consecuencia.

Participación nas actividades de promoción realizadas por AGADER:

Unha nutrida representación da Xunta Directiva da Asociación asistiu á presentación do Programa Leader 2007-2013 no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela o día 14/12/07.

Así mesmo, colaborouse activamente cos técnicos da oficina comarcal de Medio Rural na difusión das Reunións Divulgadoras do Programa Leader Galiza 2007-2013, que se celebraron en Buño o 7/02/2008 e en Coristanco o 11/02/2008.

Actividades de difusión e captación de socios realizadas pola A.D. Bergantiños:

A Asociación colaborou na organización da Xornada de Formación e Dinamización "Desenvolvemento Rural na terra de Bergantiños. Aprender. Emprender. Equilibrar" que se celebrou o 3 de febreiro de 2008 no lugar do Couto, na parroquia de Cospindo do Concello de Ponteceso.

Realizouse unha campaña informativa entre os beneficiarios das axudas do Programa AGADER a través dun *mailing* o 27/02/2008.

O 4/04/2008 realizouse un *mailing* informativo do Programa e da candidatura da Asociación entre as entidades que manifestaron o seu interese en participar no programa a través de AGADER (dirixida ás entidades que tiñan os datos na páxina da Axencia na relación de data 17 /03/2008). As comunicacións remitíronse por correo postal e electrónico.

Aproveitando a organización no Centro Comarcal de Bergantiños do curso sobre "A captación de recursos nas asociacións", organizada por Medio Rural o 5/04/2008, informouse aos asistentes do Programa e da candidatura da Asociación, o 90 % dos asistentes integráronse nesta.

Realizouse un *mailing* informativo do Programa e da candidatura da Asociación entre as entidades inscritas no rexistro de asociacións do Concello de Laxe, o 25/04/2008. Para a súa realización contouse coa colaboración do Concello a través da súa Técnica de Emprego. Nesta ocasión contactouse con 24 entidades.

O 2/05/2008 realizouse un *mailing* informativo do Programa e da candidatura da Asociación entre as entidades que manifestaron o seu interese en participar no programa a través de AGADER (dirixida ás entidades que tiñan os datos na páxina da Axencia na relación de data 28 /04/2008). As comunicacións remitíronse por correo postal e electrónico. O 6/05/2008 realizouse un *mailing* informativo do Programa e da candidatura da Asociación entre as entidades que manifestaron o seu interese en participar no programa a través de AGADER (dirixida ás entidades que tiñan os datos na páxina da Axencia na relación de data 5/05/2008). As comunicacións remitíronse por correo postal e electrónico.

O 8/05/2008 realizouse un *mailing* informativo do Programa e da candidatura da Asociación entre as entidades inscritas no rexistro de asociacións do Concello de Cabana de Bergantiños. Para a súa realización contouse coa colaboración do Concello a través da súa Técnica de Emprego. Contactouse con 27 entidades.

O 14 de maio de 2008, organizouse un acto público de presentación do Programa e da candidatura da Asociación no Centro de Maiores de Neaño, en Cabana de Bergantiños, especialmente dirixido ás entidades, SAT e cooperativas dos concellos de Cabana e de Laxe, onde se estimou que menos estaba a chegar a información. Para a súa realización contouse coa colaboración do Concello a través da súa Técnica de Emprego e o Técnico de Cultura.

Durante todo o proceso a Asociación, a través dos membros da Xunta Directiva tamén realizaron un traballo de difusión, boca orella, moi efectivo, que levou a acadar o número actual de socios do territorio.

O 11 de xuño de 2008, no Centro Comarcal de Bergantiños en Buño, convocouse ás entidades que manifestaron o seu interese en participar no programa a través de AGADER (ás 41 entidades que tiñan os datos na páxina da Axencia na relación de data 9/06/2008, e das que 9 xa eran socias e 14 son de carácter nacional ou non teñen actividade na comarca). Concorreron 20 entidades, que manifestaron a súa vontade de participar coa nosa Asociación no Programa Leader Galiza 2007-2013. Como consecuencia disto, das 40 entidades que manifestaron o seu interese a través do procedemento establecido pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, 26 están integradas na Asociación. En todo este proceso puxéronse de manifesto tan só tres incidencias: a primeira coa entidade APTCM, á que se convocou á xuntanza do

11/06/2008 xunto coas demais e non acudiu, e á que se informou persoalmente sobre o proceso, e que dende o 11/11/2008 é socia; a segunda coa entidade FECOM, que di que remitiu a solicitude a AGADER, pero non aparece na listaxe, e no momento que manifestou o seu interese, envióuselle a información, e non solicitou a adhesión; e en terceiro lugar a Fundación Torre Pujales, que por erro foi incluída noutro GDR, e actualmente é socia.

O día 26 de xuño de 2008 tivo lugar a asemblea que transformou a nosa Asociación aos requirimentos establecidos pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, adaptáronse aos estatutos, estableceuse a nova composición da Xunta Directiva e aprobouse o plan de traballo para a presentación da candidatura ao Leader Galiza 2007-2013, coa comparecencia de 48 socios.

O día 14 de xullo de 2008 reuníronse as mesas sectoriais. Ás 10 horas compareceron os sectores de Artesanía, Mar, Asociacións de Mulleres, Asociacións Xuvenís, Turismo e a mesa multisectorial. Ás 11.30 h tivo lugar a mesa sectorial do agro, e ás 20.00 horas reuníronse as asociacións culturais, recreativas, de veciños, caza e pesca. Intercambiáronse ideas e elixíronse os representantes de cada sector. Participaron no proceso 95 entidades privadas.

Paralelamente realizouse un traballo de sondaxe de opinión de distintos colectivos sobre a comarca, o medio rural e o tecido asociativo. Elaboráronse catro cuestionarios, un sobre asociacionismo dirixido á técnicos de cultura e responsables políticos desa área, así como aos propios socios desta entidade; outro cuestionario sobre turismo, remitido ás entidades asociativas do sector; outro cuestionario sobre o medio rural e o sector primario dirixido aos profesionais do sector e ás súas entidades representativas; e un cuarto cuestionario dirixido á técnicos de emprego e asociacións empresariais. Así mesmo tamén se solicitou información aos primeiros mandatarios municipais sobre as necesidades dos respectivos concellos.

Con toda a información recollida elaborouse un BORRADOR DE PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO, que foi remitido ós mebros da Xunta Directiva que o revisaron e aprobaron na xuntanza de 3 de setembro de 2008. Así mesmo o borrador foi "colgado" nas páxinas web dos concellos e comunicado ós socios para a súa información e que, socios ou non, realizasen as achegas que estimasen oportunas para a mellora do documento. Finalmente, e pola Asamblea Xeral convocada ó efecto o 12 de setembro de 2008, foi aprobado por unanimidade.

2.9. Declaración de non estar incursa a asociación nas circunstancias do artigo 10 da lei 9/2007.

2.10. Compromiso de utilización da língua galega conforme ó artigo 20.2.l da lei 9/2007.

3.- DESCRICIÓN DOS MEDIOS TÉCNICOS E HUMANOS PREVISTOS PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA.

3.1. Persoal previsto para a xestión do programa: organigrama; procedemento de contratación do equipo xestor.

O equipo de traballo estará formado polas seguintes persoas:

- Xerente (Titulación requirida: licenciatura/enxeñería)
- Analista financeiro (Titulación requirida: diplomatura/enxeñería técnica)
- Administrativo (Titulación requirida: bacharelato/FP II)
- Asistencia técnica fiscal, laboral e contable

XERENTE

É o encargado de coordinar as actuacións do equipo de traballo e o responsable técnico do programa. Así mesmo levará a cabo os acordos tomados, tanto pola Comisión Executiva como pola Xunta Directiva da Asociación.

PA súa actividade centrarase principalmente arredor das seguintes tarefas:

1) Coordinación do equipo de traballo do Programa Leader.
2) Realizar unha labor de procura de iniciativas en relación coa mellor utilización dos recursos da Comarca.
3) Sensibilización da poboación e animación para buscar a maior implicación posible de todos os sectores da Comarca.
4) Informar e darlle publicidade ás diversas axudas financeiras ás que se poden acolles no Programa PRODER II.
5) Informar á Xunta Directiva e á Asemblea da Asociación se fose requirido sobre o funcionamento e xestiones realizadas polo equipo de traballo do Programa Leader.
6) Elevar á Xunta Directiva da Asociación todos os informes que sexan elaborados previamente polo equipo de traballo, e que requiran o visto e prace do citado Órgano de Goberno.
7) Remitir a AGADER, en tempo e forma, os informes sobre o grao de execución do programa, a listaxe de axudas concedidas, a situación dos expedientes aprobados, e canta documentación relativa ao programa sexa requirida pola citada Axencia.
8) Programar e coordinar as campañas de publicidade e difusión do proxecto.

ANALISTA FINANCEIRO

A Asociación disporá dun especialista encargado de dirixir as seguintes áreas de traballo:

1. Coordinar coa Asistencia Técnica un sistema de contabilidade independente e cun cofinanciamento contable axeitado para facilitar a verificación dos gastos imputados ao programa.

2. Elaborar os informes técnicos de cada unha das solicitudes de cada proxecto que pide subvención, especificando a súa viabilidade e a presentación de todos os documentos que sexan necesarios para ditar resolución favorable ou desfavorable sobre a concesión dalgún tipo de axuda. Este informe deberá estar elaborado no tempo previsto.

3. Asegurar que cada un dos proxectos e solicitudes que se presenten se adapten ás medidas contempladas no Programa.

4. Elaborar, ao final de cada ano, un informe onde se describan as medidas levadas a cabo, as axudas aprobadas, os pagamentos realizados, o grao de avance das accións e o seu impacto en xeral, facendo mención a todos os indicadores físicos e financeiros necesarios para avaliar o programa. O citado informe tamén deberá facer mención ás dificultades xurdidas durante a aplicación do convenio establecido e que requiren cambios e axustes. Este informe anual deberá estar en poder da comunidade autónoma antes de que transcorran dous meses desde o final de cada ano.

5. Informar ao Xerente sobre a viabilidade ou non das iniciativas presentadas

6. Seguir a execución das actuacións financiadas dentro do Programa.

ADMINISTRATIVO

Realizará as funcións inherentes ao seu posto, especialmente no que se refire á xestión administrativa en directa colaboración coa asistencia técnica, baixo a supervisión do Analista Financeiro, que supervisará o seu traballo e marcará as tarefas a realizar diariamente.

Deberá preparar as ordes de pagamento (transferencias, cheques, etc.), levará o rexistro de entrada e saída de documentos, o arquivo, o control e verificación das facturas, realizará os desprazamentos precisos para acudir a correos, rexistros oficiais, etc. Realizará, así mesmo, o control do material de oficina e realizará as compras precisas para a súa reposición, así como velará polo perfecto estado de conservación dos equipos e instalacións, informando sobre posibles incidencias e encargándose de localizar as empresas necesarias para solucionar as pequenas incidencias.

ORGANIGRAMA:



PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN:

A contratación do equipo xestor do GDR axustarase ás seguintes regras:

- O persoal do Equipo de Traballo do Leader terá relación laboral coa Asociación.
- O proceso de selección se realizará segundo os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria.
- O procedemento selectivo constará das seguintes partes: A) Proba escrita, centrada sobre materias de desenvolvemento rural e do PDR, normativa de subvencións e territorio de actuación do GDR; B) Entrevista, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo; e C) Méritos, en relación á experiencia e á formación específica vinculada con programas de desenvolvemento rural, cun límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.
- Na comisión de selección preverase un representante de Agader con voz e sen voto.

A contratación da asistencia técnica axustarase ás seguintes regras:

- A selección da entidade adxudicataria realizarase segundo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade que rexen a contratación das administracións públicas. Os principios de publicidade e concorrencia materializaranse na publicación de anuncios en medios de comunicación e na concesión dun prazo mínimo de dez días para a presentación de ofertas.

3.2. Medios técnicos: local, medios informáticos.

A Asociación de Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños disporá dos medios técnicos necesarios para a aplicación do programa.

Para isto ten previsto solicitar a utilización das instalacións do Centro Comarcal de Bergantiños, de titularidade autonómica, onde ten a súa sede a Fundación Comarcal de Bergantiños, socio da entidade e no que se dispón de espazos inutilizados suficiente para poder utilizalos con esta finalidade. Coas pertinentes autorización realizaranse as obras de adaptación necesarias do local nº 8 Restaurante Cafetería (sen uso actual) para este fin. Desta forma garantirase un local con acceso independizado e sen barreiras arquitectónicas.



Ao estar situado no Centro Comarcal, pódese utilizar coas pertinentes autorizacións á sala de xuntas, salón de actos e sala de exposicións con grande facilidade.

Os equipos informáticos cos que contará a Asociación serán en principio catro, tres de sobre mesa e un portátil para utilizar en presentacións e actos fóra do local. Todos disporán de conexións sen fíos para rede e internet ADSL. O equipamento completarase con equipo multifunción (Fotocopiadora, fax, escáner) é teléfonos, entre outros (trituradora de papel, etc.).

Así mesmo a Asociación porá a disposición do Equipo Técnico un vehículo para os seus desprazamentos de traballo, que achegará a través de "renting".

O local estará convenientemente identificado de acordo coa normativa FEADER, e coas instruccións que o respecto dicte a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

4.- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA REMITIDA A AGADER.

- Oficio de 10 de outubro de 2008, rexistro de saída 1146, no que se comunica a achega da copia cotexada da inscripción no Rexistro de Asociacións da modificación dos estatutos.

- Comunicación do 14 de outubro de 2008, rexistro de saída 1159, no que se remite información complementaria (Anexo IC en formato electrónico, compromiso de integración das cooperativas) así como aclaracións solicitadas sobre a Comisión Permanente e sobre o procedemento de contratación da Asistencia técnica; e novas incorporacións de socios.

- Oficio de 21 de novembro de 2008, rexistro de saída 1160, no que se comunica o nomeamento do representante das cooperativas na Xunta Directiva.